

REDRUM TEATRO PRESENTA



"Unha brillante comedia negra"
Marcos Ordoñez EL PAIS



"Unha aceda crítica a unha
sociedade pasiva"
Prado Campos EL CONFIDENCIAL



"As veces a realidade é moito peor que
calquera cousa que poidamos imaxinar"
H. A. BUTACA EN ANFITEATRO

I
D
I
O
T
A



DE JORDI CASANOVAS

MACHI SALGADO SUSANA SAMPEDRO

DIRIXIDO POR ALEX SAMPAYO

Axte. dirección GUILLERMO CARBAJO Escenografía REDRUM TEATRO Iluminación CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO
Vestuario GUILLERMO CARBAJO Videos ALEX SAMPAYO Tradución ALEX SAMPAYO
Producción ALEX SAMPAYO e GUILLERMO CARBAJO



coa colaboración de



www.redrumteatro.com/idiota

O ESPECTÁCULO

Unha mañá, Carlos Varela, por fin cre que a súa sorte mudou: un anuncio ofrece unha chea de cartos a cambio de someterse a unha serie de probas psicolóxicas. Recíbeo unha atractiva doutora de orixe alemán. Comezan as preguntas, e comeza a comedia... Unha comedia que non tarda en ennegrecerse atrapando ao protagonista e ao público nunha perversa tea de araña.

Este malévolo texto, sembrado de minas en forma de dilemas morais e acuciantes descargas de presión psicolóxica, mergúllase nos mecanismos de manipulación, nos resortes da codicia, o poder das grandes corporacións, a desinformación culpable, a capacidade da tolerancia ante o abuso de autoridade e as incommensurables dimensións da estupidez humana, sempre ignorante da letra pequena das cláusulas que impón a vida.

Jordi Casanovas tende con habilidade as súas redes dramáticas nun texto maxistral estreado en Barcelona no 2015 e que está percorrendo todo o mundo con grande éxito de crítica e público.

Montaxes de "IDIOTA"

2015. Barcelona. Sala Muntaner. Dir, Jordi Casanovas
2016. México DF. Dir, Nelson Valente
2016. Madrid. Teatro Kamikaze. Dir, Israel Elejalde
2016. Milan/Roma. Fattore K. Dir, Roberto Rustioni
2017. Buenos Aires. Teatro Picadero. Dir, Daniel Veronese
2017. Costa Rica. Teatro Torres
2018. Euskadi. Txalo Producciones. Dir, Begoña Bilbao
2018. Venezuela. Skena Teatro. Dir, Daniel Dannery
2018. Chile

ALEX SAMPAYO DIRECTOR

Comeza no teatro da man de Redrum cun texto da súa propia autoría, *A Pensión* (2009). Logo virían os musicais infantís *Moito Conto* (2011), *Roedores* (2014) e *A Nena Que Quería Navegar* (2016) estes dous últimos nomeados nos María Casares a Mellor Espectáculo Infantil. As comedias *Curriculum Vitae* (2012), *Amor Flexible* (2013) e *Noiteboa* (2015) polo que obtivo dobre nomeamento nos premios María Casares nas categorías de Mellor Dirección e Texto Orixinal e máis recentemente *A Canción do Elefante* adaptación do texto *Elephant Song* do canadense Nicolas Billon. No pasado ano 2018 acaba de estrear "*Estás aí?*" comedia do dramaturgo arxentino Javier Daulte e *Contos do Recreo*, polo que acaba de obter o nomeamento como Mellor Espectáculo Infantil nos María Casares.

JORDI CASANOVAS AUTOR

Vilafranca del Penedès , 1978

Dramaturgo e director teatral. Director da compañía FlyHard, da que foi fundador, dende 2005 ata 2013. Fundador e director artístico da SALAFlyHard dende a tempada 2010/2011 ata 2013. Profesor de dramaturxia no Institut del Teatre desde 2009.

Escribiu unha treintena de textos teatrais, entre os que destacan *Una historia catalana*, *Un hombre con gafas de pasta*, *Cena con batalla*, *La Revolución*, *Lena Woyzeck*, *La Ruina*, *City / Simcity*, e *Wolfenstein*.

Obtivo o Premio Ciudad de Valencia por *Estralls*, o Premio Ciudad de Alcoy 2005 con *Beckenbauer*, o Premio Marqués de Bradomín 2005 con *Andorra* e o Josep Robrenyo 2002 con *Las mejores ocasiones*. A trilogía composta por *Wolfenstein*, *Tetris* e *City/Simcity* recibiu o Premio da Crítica de Barcelona á revelación da tempada 2006/07, o Premio Crítica Serra de ouro ao mellor texto teatral de 2006 e nomeamentos aos Premios Butaca e os Premios Max. Premio Butaca ao mellor texto teatral de 2009 por *La Revolución*.

Premio Time Out á mellor obra de 2011 por *Un hombre con gafas de pasta*. Premio Butaca ao mellor texto teatral de 2011 por *Una Historia Catalana*. Premio Ciudad de Barcelona de teatro para *Patria*.

Na actualidade acaba de estrear no Teatro Pavón Kamikaze os espectáculos *Port Arthur* e *Jauría*.

MACHI SALGADO

"A Canción do Elefante" Redrum Teatro
"Martes de Carnaval" CDG
"Bu21" Avento Producciones de Teatro
"Por unhas poucas picadelas" Ningures Teatro
"A forma das cousas" La Lechera
"Feo" Catrocadeiras
"Fontalba" Serie TVG

SUSANA SAMPEDRO

"Lobos e Cordeiros" Serie TVG
"O Faro" Serie TVG
"Serramoura" Serie TVG
"Dalia, a modista" Serie TVG
"Fariña" Serie Antena 3
"Escoba!" Serie TVG
"Outro máis" TV-Movie TVG
"A Vida por Diante" Serie TVG

A COMPANHIA REDRUM TEATRO

Redrum Teatro somos unha empresa cultural adicada á produción e distribución de espectáculos teatrais e edición de libros constituída no ano 2009. Dende a nosa fundación non paramos de producir espectáculos de diferentes formatos sempre cun coidado concepto estético e artístico como selo personal da compañía.

"A Pensión", 2009
"Moito Conto", 2011
"Curriculum Vitae", 2012
"Amor Flexible", 2013
"Roedores", 2014
"Noiteboa", 2015
"A Nena Que Quería Navegar", 2016
"A Canción do Elefante", 2017
"Estás aí?", 2018
"Contos do Recreo", 2018
"Invisibles", 2018

ELENCO

Carlos Machi Salgado
Doutora Edel Susana Sampedro

FICHA ARTÍSTICA

Dirección e tradución	Alex Sampayo
Autor	Jordi Casanovas
Escenografía	Redrum Teatro
Vestuario	Guillermo Carbajo
Espazo sonoro	Alex Sampayo
Iluminación	Carlos Álvarez-Ossorio
Vídeos	Alex Sampayo
Producción	Redrum Teatro
Distribución	Guillermo Carbajo

SINOPSE

Un home preséntase a unhas probas psicolóxicas remuneradas. O que pensa que será unha maneira sinxela de conseguir os cartos que precisa para resolver os seus problemas económicos converterase nunha auténtica trampa. Unha atractiva psicóloga formularalle preguntas e enigmas que o porán nervioso obrigándoo a sacar o mellor del para evitar un fatal desenlace.

Un xogo negro, divertido e cheo de suspense que levará ao protagonista ao límite da súa paciencia e razón. Un xogo tamén para o espectador, que deberá resolver os diferentes obstáculos xunto con Carlos dende a súa propia butaca.

DATOS TÉCNICOS

Duración aprox 70 min

Fondo 5 metros
Ancho 7 metros
Alto 5 metros

Potencia luz 6.000 W
Potencia son 1.000 W

Custe por función 2.995€
Adaptable a calquera espazo

Redrum Producciones SL

Rúa Estación do Casal, 10 - Laraño
15897 Santiago de Compostela

617.334.627 - 692.632.733 redrumteatro@gmail.com

www.redrumteatro.com